



Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e documento básico: Actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: Cemiterio- Cruce de Meixonfrío, de clave: AC/18/023.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data do 2 de outubro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia (num. 188) o Anuncio do 26 de setembro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o documento básico: Actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: Cemiterio- Cruce de Meixonfrío, de clave: AC/18/023.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado..

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións e certificados, procedéndose á súa valoración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 80 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG 16-5-2018) determina que a aprobación da delimitación dos Camiños de Santiago levará implícita a declaración de interese social e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos para os fins de expropiación forzosa, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes tanto dos tramos necesarios para a funcionalidade da traza coma dos bens localizados no seu ámbito delimitado necesarios para a conservación, protección ou servizo do Camiño.

Segundo.- De acordo co establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954 de Expropiación Forzosa, e os concordantes do seu Regulamento, someteuse ao trámite de información pública a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do documento básico, durante un período de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

De acordo con todo o exposto, e tralas alegacións e certificados presentados polos organismos oficiais competentes

RESOLVO





Primeiro.- Aprobar definitivamente o expediente de información pública así como o documento básico: Actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: Cemiterio-Cruce de Meixonfrío, de clave: AC/18/023.06, que contén a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados. Nas fases posteriores do procedemento, de acordo coas alegacións e informes presentados deberá de terse en conta:

- A corrección da Ficha da parcela 13 substituíndo o concepto "Expropiación" por "Afección".
- A programación das obras deberán de coordinarse co Concello de Santiago para garantir un aparcadoiro diante do Tanatorio habilitado durante as obras.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias
(*asinado dixitalmente*)

